



Naír García Abelleira

Violencia de xénero

Violencia de xénero significa bicarme toda negra, puír ao teu xeito o meu marmelo de amorodo, facerme sentir que non preciso nada. Eclipsarme, non existir: recordarme que non diga nada do meu xeito de morder a froita, do rosados que teño os brazos, do eivada que é a miña cantarela: porque nin sequera existe, porque xa o coñeces, porque non existe se non che importa.

Violencia de xénero:

Escollerme o cánone, puír a fala enxebre, cantarme ao ouvido, decidir se son ou non, qué cousas inventarme, alborotar o meu nacedouro de abellas, escoller ti o meu lar de antonte, facerme bonita, estereotiparme, venderme o teu amor revolucionario, quebrarme esta luz vella que vive detrás de mil horas de conversa, derrubar o esquelete que me vertebra, vir comigo facerme inválida, impedirme habitar na miña propia existencia, en definitiva, terme medo.

Violencia de xénero é adxectiva de doméstica,
é estar por dentro toda cega e á intemperie, estar enferma de inventarse para existir.